



# Programa Mentor



Memoria ano 2021

## Índice

1. Datos da entidade.....	3
2. Obxectivos do Programa Mentor .....	8
3. Poboación atendida .....	9
4. Resultados globais obtidos do Programa Mentor .....	15
5. Accións e programas de apoio .....	32
6. Recursos humanos do Programa Mentor .....	37
7. Conclusións e vías de mellora .....	39
8. Anexo: balance e contas anuais.....	43

## 1. Datos da entidade

### Misión

Traballamos polo dereito de todos os nenos, nenas e adolescentes a unha vida autónoma, libre e segura, apoiando ás súas familias e defendendo a equidade educativa e a igualdade de oportunidades.

### Visión

Aspiramos a unha sociedade na que o feito de nacer nun contexto de vulnerabilidade non coarte as oportunidades de futuro de nenos, nenas, mozos e mozas.

Xeramos e inspiramos cambios nas persoas e na sociedade, dirixidos á plena equidade educativa para que ningún neno, nena ou adolescente vexa coartado o seu desenvolvemento persoal, cognitivo ou formativo por razón de pobreza ou dificultade social.

Traballamos para unha igualdade real de oportunidades no acceso ao traballo, creando alianzas e impulsando políticas que permitan aos mozos e mozas exercer o seu dereito a ter unha vida libre e independente.

Creamos opinión, incidimos politicamente e sumamos a nosa voz a outras para que os nenos, nenas, mozos e mozas sexan escoitados e tratados como suxeitos de dereito, con necesidades e intereses propios e específicos.

Implicamos ás entidades e persoas na construción dunha sociedade solidaria e unida, xerando redes de apoio para lograr que calquera moza e mozo se sinta parte dela e exerza un rol activo, tecendo novos vínculos e relacións, e servindo de apoio a outras persoas.

E aplicamos todo o anterior ao noso quefacer diario:

- Acompañando a nenas, nenos, mozas e mozos en risco de exclusión con calidez e calidade, recoñecendo e confiando no valor das persoas, co seu protagonismo e empoderamento;
- Permanecendo xunto ás súas familias, porque cremos na parentalidade positiva e o fortalecemento familiar como principais mecanismos preventivos contra a exclusión social;

### Programa Mentor

- Transformándonos con optimismo cara a excelencia para obter resultados, xerar oportunidades e lograr cambios nas súas vidas e na sociedade.

## Valores

Igaxes asumimos como propios os seguintes valores:

- Compromiso: estamos comprometidos cos nenos, nenas, mozos e mozas para as que traballamos, cos nosos profesionais e cos nosos colaboradores. Pedimos implicación para ir máis alá, cada un segundo o seu esforzo con respecto á diferenza como base da igualdade.
- Participación: somos unha organización que fomenta e impulsa a participación de todas as persoas con e para as que traballa. Creamos no traballo en equipo e na colaboración e alianzas como forma de conseguir resultados, compartindo información a través da comunicación a todos os seus niveis.
- Incidencia: cremos no enfoque de dereitos. Somos e sumamos voz, promovendo cambios institucionais, legislativos ou sociais a favor de aqueles para os que traballamos. Para iso, dirixímonos con decisión a quen pode contribuír á nosa causa ou denunciarnos, dende un posicionamento propio, realidades que consideramos insostibles.
- Aprendizaxe: aprendemos constantemente. Por iso volvémoslo intentar se nos equivocamos. E por iso tamén nos anticipamos, somos proactivos e adaptámonos. Buscamos a innovación.

## Factores clave de éxito

Abrimos camiños, saímos da zona de confort, asumimos riscos e logo sabemos reconstruírnos. Somos inconformistas, co afán de superación, orientación ao cambio, creatividade e dinamismo, apostamos pola calidade no servizo, orientámonos a resultados e temos solvencia técnica. Contamos con equipos humanos implicados, traballamos en conxunto e con boas redes. Apostamos pola formación, a investigación e o coñecemento. Traballamos polos dereitos da infancia e a xuventude en situación vulnerable.

**Como?** Dando resposta a un gran problema estrutural: **o círculo da exclusión.**



## 1. A infancia fráxil

Unha vida de exclusión comeza case sempre por unha nenez chea de carencias. A pobreza familiar afecta a 1 de cada 4 nenos e nenas en Galicia.

## 2. A educación interrumpida

Os nenos e nenas que tiveron unha infancia fráxil teñen máis dificultades para saír adiante na escola. O 70% do alumnado máis desfavorecido abandona a escola prematuramente.

## 3. A falta de oportunidades

A falta de formación impide un futuro laboral estable. A estrutura do noso mercado laboral aboca á precariedade. O 34% da xuventude galega está en situación ou risco de pobreza. Son 115.000 mozas e mozos entre 16 e 29 anos.

## 4. A vida sen apoios

Cando un mozo ou moza padece a desigualdade e a falta de oportunidades, todo o seu mundo se ve afectado: faltan recursos e tamén persoas en quen apoiarse e confiar.

**Resultado:** o círculo da exclusión péchase. O 80% dos nenos e nenas que naceron nunha familia en situación vulnerable seguirán estando en risco de exclusión ao chegar á vida adulta.

A nosa solución baséase no seguinte anel de apoio:




Pero non podemos facelo soas: precisamos do apoio doutras persoas, organizacións, institucións, empresas, etc. Facendo tamén incidencia política para lograr cambios sociais en beneficio da infancia e a xuventude máis vulnerable.

E todo isto, porque aspiramos a unha sociedade na que ningunha nena, neno, moza ou mozo vexa coartado o seu futuro por razón de pobreza ou exclusión social.

## Organigrama

A continuación, facemos unha descrición do organigrama completo de Igaxes, onde se aprecia o encaixe do Programa Mentor.



## Programa Mentor

## 2. Obxectivos do Programa Mentor

O obxectivo do Programa Mentor vén recollido no contrato asinado entre a Consellería de Política Social e Igaxes, sendo o obxecto do contrato a integración sociolaboral dos mozos e mozas entre 16 e 21 anos (en situacións excepcionais ate os 25) tutelados, extutelados, en garda, con medidas xudiciais ou usuarios doutros programas dependentes do órgano xestor.

En concreto, o que se persegue desde o Programa Mentor son as seguintes accións:

- Facilitar a inserción socio laboral dos mozos e mozas que a xuízo dos equipos técnicos do menor deban incorporarse ao Programa.
- Motivar aos mozos e mozas a incorporarse ao Programa Mentor de xeito que adquiran conciencia da súa situación e se responsabilicen e participen activamente nos seus procesos de inserción socio laboral, fomentándolles ao mesmo tempo hábitos laborais básicos.
- Ofrecer aos mozos e mozas toda a información que precisen e as estratexias suficientes para acceder ao mercado de traballo e manterse nel a través da formación laboral, habilidades sociais, etc.
- Preparar aos mozos e mozas que así o determinen os equipos técnicos do menor dos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social para a vida independente. Isto faise a través da estancia por tempo suficiente nos recursos residenciais de apoio continuado e de apoio asistido postos a disposición pola entidade adxudicataria para a inserción sociolaboral, nos que se desenvolvan habilidades de preparación para a vida independente.
- Mediar entre mozas, mozos, centros de formación e empresas facilitando a incorporación dos destinatarios/as do Programa Mentor ao mercado laboral.

Así pois, o obxectivo final do programa é dotar aos mozos e mozas das ferramentas, habilidades e actitudes precisas para encarar a vida independente co maior éxito posible, sabedores dos seus dereitos e conscientes dos seus deberes como cidadáns.



### 3. Poboación atendida

As persoas participantes no Programa Mentor, como xa se dixo anteriormente, son mozos e mozas con carácter xeral entre os 16 e 21 anos e en situacións excepcionais, ate os 25 anos, que se atopen nunha situación de garda, tutela, apoio técnico, cumprindo medidas xudiciais ditadas por un xulgado de menores ou ben que sexan usuarias doutros programas dependentes do órgano xestor e que polas súas características puideran incorporarse ao programa de inserción sociolaboral.

No período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2021 accederon aos servizos prestados polo Programa Mentor un total de 631 rapaces e rapazas, constituíndo un dos rexistros máis altos na historia do Programa Mentor. Destacamos que o concurso de prestación de servizos do Programa Mentor marca como obxectivo anual prestar atención a 500 persoas.

Destes 631 rapaces:

- 284 foron dados de alta no 2021.
- 277 contéplanse en baixa con seguemento.
- 70 foron dados de baixa de forma definitiva.


Atendendo aos datos por xefaturas territoriais, son os seguintes:

Xefatura territorial	Mozos	Mozas	Total
A Coruña	111	86	197
Lugo	54	51	105
Ourense	74	51	125
Pontevedra	109	95	204
Total	348	283	631

### Nacionalidade das persoas coas que se traballou no 2021

Unha das riquezas do programa é o traballo dende a **diversidade cultural**<sup>1</sup>, ao longo do ano 2021 atendemos a persoas de 27 nacionalidades diferentes. Como é lóxico, de xeito moi maioritario as mozas e mozos teñen nacionalidade española (78% da poboación), as nacionalidades, fora da española, máis significativas son as seguintes; marroquí (8,72%), brasileira (3,17%), romanese (1,90), colombiana e dominicana (1,43% respectivamente) e portuguesa e senegalesa (1,27%).

Nacionalidade dos mozos e mozas atendidos durante 2021  
Gráfico 1



<sup>1</sup> Ver gráfica 1


Se temos en conta a **distribución por continentes** de procedencia decatámonos como a historia e relacións internacionais marcan a procedencia dos mozos e mozas que entran no programa.

Continente de orixe da poboación	%
Cidadáns de orixe africana	11,65%
Cidadáns de orixe europea	79,81%
Cidadáns de orixe asiática	0,16%
Cidadáns de orixe oceánica	0,00%
Cidadáns de orixe americana	8,39%

Compre destacar que a **distribución por xénero** das diferentes nacionalidades é moi desigual, si ben no caso da nacionalidade española, como ven sucedendo en anos anteriores, a distribución está equilibrada (54% homes por un 46% de mulleres), no montante xeral do resto de nacionalidades a distribución por xénero caracterízase por unha alta desigualdade (71% homes por un 29% de mulleres).

Por último, compre aclarar que non todas as mozas e mozos que teñen nacionalidade diferente á española son menores estranxeiros non acompañadas, neste sentido é preciso dicir que esta categoría legal correspóndelle a un 14% da poboación.

Distribución de poboación: MENAS / non MENAS  
Gráfica 2



■ Poboación atendida (agás MENAS) ■ Menores estranxeiros non acompañados

A situación documental destas mozas e mozos condicionou enormemente o traballo a desenvolver. Ate fai pouco tempo, para unha persoa estranxeira era preciso dispoñer de permiso de residencia e traballo así como dun pasaporte en vigor do país de orixe ou cédula de identidade, documentación da que non sempre dispoñen estes mozos e mozas. Ao estar a falar de documentos emitidos por dous Estados fai que sexa complexa a súa xestión. No ano 2020 aprobouse unha modificación da lei autorizando aos menores estranxeiros non acompañados dispoñer dunha autorización para traballar. No ano 2021 chegou a Reforma do Regulamento de Estranxeiría. Este foi un cambio aprobado no BOE que facilita o acceso á documentación destas mozas facendo que prevaleza o interese superior do menor:

- ✓ Un dos cambios substanciais é que se reduce a 90 días o prazo administrativo para comezar a tramitar a súa documentación. Ate agora debían agardar un mínimo de nove meses, que acababan sendo nove meses con dificultade no acceso á tarxeta sanitaria, a traballar legalmente, a obter un título oficial ou simplemente a facer deporte federado.
- ✓ Unha vez obtido o permiso de residencia, e mentres sexan menores de 18 anos, este permanecerá vixente durante máis tempo. Serán dous anos a autorización inicial e tres a renovación ate a autorización de longa duración. Isto ten moita relevancia xa que ningún mozo ou moza tutelada verá extinguido o seu permiso de residencia ao cumprir os 18 anos. Evítase, deste xeito, a tan temida irregularidade sobrevida, que na práctica constituía a cancelación da súa protección e os seus dereitos.
- ✓ Ademais, a reforma ten efecto retroactivo. Por non lograr emprego, moitas mozas e mozos caeron en situación irregular despois dos 18 anos. Agora todas as persoas entre 18 e 23 anos que estean neses casos poderán solicitar os permisos sempre que reúnan as condicións requiridas.
- ✓ Os mozos e mozas menores de 18 anos xa estaban autorizadas para traballar desde o 2020, tal e como nomeamos anteriormente. Pero agora, esa autorización concédese por defecto e sen trámites asociados. Unha vez que se fagan maiores de idade, poderán renovar os permisos de residencia e traballo cada dous anos se acreditan medios económicos suficientes.
- ✓ Antes da reforma, afrontaban condicións desmedidas. Debían acreditar ingresos equivalentes ao 100% do IMREM (565€ mensuais) a primeira vez e o 400% do IMPREM (máis de 2.000€) na segunda renovación. Estaban obrigados a atopar contratos estables a xornada completa, algo moi difícil no noso actual mercado de traballo. Agora, o baremo pasa a ser o 100% do Ingreso Mínimo Vital para unha soa persoa, é dicir, uns 470€ mensuais. Para chegar a esa cifra non só contará co salario, senón tamén outras axudas sociais que a persoa poda percibir. Este cambio fará máis flexible o seu acceso ao traballo, podendo optar a contratos de menores horas, o que lles facilitará o salto ao primeiro emprego. Tamén é de esperar que poidan traballar en sectores económicos aos que ate o de agora apenas podían optar.
- ✓ Teranse en conta os informes de entidades públicas e privadas de protección de menores. Estes informes avalarán o seu esforzo de integración, a continuidade dos seus estudos e o proceso de inserción laboral. Deste xeito, ábrese unha porta a algo case impensable ate o de

agora: que os mozos e mozas estranxeiras non acompañadas poidan continuar os estudos máis alá da maioría de idade. Tamén será máis viable compaxinalos cun traballo a tempo parcial.

### Situación xurídica

Ao Programa Mentor acceden mozas e mozos que se encontran en situación de:

- Tutela: mozas e mozos menores de idade sobre os que a administración autonómica asumiu a tutela por calquera das distintas situacións contempladas pola lei.
- Garda: mozas e mozos menores de idade sobre os que a administración autonómica asumiu a garda pero non a tutela.
- Medidas de apoio: mozas e mozos maiores de idade sobre os que a administración autonómica acorda dar un apoio concreto para superar algunha situación de risco de exclusión, nunha aposta en moitos casos, por aplicar medidas preventivas ou de continuidade.
- Medida xudicial: mozas e mozos que se incorporan no marco do cumprimento dunha medida xudicial de medio aberto ditada por un xulgado de menores con residencia na comunidade autónoma.

Situación xurídica	Mozos	Mozas	Total
Tutela	158	107	265
Garda	44	41	85
Medida de apoio	102	117	219
Medida xudicial	45	17	62

## 4. Resultados globais obtidos do Programa Mentor

### Calidade

O Programa Mentor realiza o seu traballo cun sistema de calidade baseado na norma ISO 9001, tendo un sistema de control sobre aquelas dificultades que aparecen no traballo desenvolto coas mozas e mozos. Os datos rexistrados dinnos que existen un total de 446 incidencias tipificadas como leves e graves, sendo as máis relevantes:

- Por dificultades no cumprimento do protocolo sanitario (realización de probas médicas dentro dos 15 días de chegada) derivadas da situación da COVID-19 e dificultades na toma da medicación das mozas e mozos: 39.
- Por aspectos educativos derivados da autonomía persoal das mozas e mozos das vivendas, sendo algo completamente coherente tendo en conta o tipo de vivendas nas que estamos a traballar: 59.
- Por problemas na xestión de diversos documentos por parte do persoal, sendo case todas estas incidencias retraso na elaboración de PILS por parte dos técnicos ao non comparecer as mozas e mozos ou, dificultades para cubrir BASC e ABAS cando causan baixa no programa: 238.

### Caixa de correos ou suxestións / libro de reclamacións

Os mozos e mozas das vivendas e do Programa Mentor saben e son informadas de que teñen diversas canles de comunicación para achegar as súas queixas, suxestións ou reclamacións. Todas son informadas no momento da alta nas vivendas e en relación ao Programa Mentor, en todas as oficinas existen cartaces e información relativa. Informamos de que no ano 2021 non se recibiu ningunha queixa nin reclamación interposta a través dos libros de reclamacións nin do formulario de suxestións.


### Acceso á formación das mozas e mozos do Programa Mentor

A poboación de mozas e mozos cos que traballamos presenta en xeral, un nivel educativo baixo<sup>2</sup>. Este factor condiciona en gran maneira o acceso das mozas e mozos ao emprego, ao poder optar a empregos que teñen peores condicións económicas e de estabilidade laboral que se tiveran un elevado nivel de estudos.

---

<sup>2</sup> Ver gráfica 3

Nivel formativo no momento da alta: 2021  
Gráfica 3



Se ben a idade mínima de acceso ao programa Mentor sitúase nos 16 anos, o nivel formativo non acompaña ao correspondente para esta idade, vemos así como só un 20% dos mozos e mozas están no curso adecuado ao que lle corresponde por idade. Isto sitúanos nun dramático 80% que sinala que 8 de cada 10 mozas e mozos que acceden ao programa están en situación de



fracaso ou abandono escolar. Esta situación sinalada condiciona necesariamente o seu futuro itinerario laboral.

Miguel Requena<sup>3</sup> da luz sobre a importancia da educación e do sistema educativo como garante, dentro do sistema de benestar establecido no noso país, de mobilidade entre os diferentes estratos sociais e acceso e máis e mellores empregos.

*«En España, os títulos educativos promoven tamén agora o ascenso dos fillos desde as posicións que ocupaban os seus pais a estratos sociais superiores. É dicir, fomentan a chamada mobilidade interxeracional ascendente, que é precisamente o que ven ocorrendo nas xeracións nadas nas primeiras sete décadas do século XX. Cabe, neste punto, apelar de novo á autoridade de Carabaña quen sinala que «os estudos en xeral, e a universidade en particular, son un eficazísimo cauce de mobilidade social ascendente [...] A eficacia dos estudos como canle de acceso ás clases profesionais universitarias foi historicamente a mesma par atodas as clases sociais» (2004). Non habendo dúbida sobre o sucedido no pasado, a pregunta interesante é, polo tanto, se a educación segue sendo La eficacia de los estudios como canal de acceso a las clases profesionales universitarias ha sido históricamente la misma para todas las clases sociales» (2004)..»*

<sup>3</sup> Miguel Requena (2016): [https://elobservatoriosocial.fundacionlacaixa.org/es/-/el-ascensor-social-hasta-que-punto-una-mejor-educacion-garantiza-una-mejor-posicion-social-?p\\_L\\_back\\_url=%2Fes%2Fsearch%3Fq%3Dascensor%2Bsocial](https://elobservatoriosocial.fundacionlacaixa.org/es/-/el-ascensor-social-hasta-que-punto-una-mejor-educacion-garantiza-una-mejor-posicion-social-?p_L_back_url=%2Fes%2Fsearch%3Fq%3Dascensor%2Bsocial)

Desde Igaxes, e de xeito conxunto cos ETM e con outros centros de protección, traballamos para fomentar a incorporación do maior número posible de mozos e mozas a procesos formativos para que melloren a formación e empregabilidade, sempre dentro do seu proxecto persoal de inserción laboral (PIL). Con esta incorporación buscamos que, ademais de que se adquiran capacidades profesionais, as mozas e mozos gañen habilidades e capacidades sociais propias dos empregos e que serán determinantes para o mantemento deste pola súa parte, así como que poidan contrastar a súa visión persoal sobre o que significa un emprego. Ademais, prodúcese unha confrontación da realidade laboral co obxectivo formativo e laboral da moza e do mozo e coa súa visión sobre o mercado laboral.

Ao longo do 2021 producíronse incorporacións dos nosos mozos e mozas en cursos dependentes da Consellería de Educación (FPB, ESO, CM, DS, bacharelato e universidade), da Consellería de Economía, Emprego e Industria (accións formativas para persoas desempregadas, obradoiros de emprego, etc.), doutras administracións (cursos das Deputacións, Concellos ou outras asociacións), así como academias privadas ou organizacións sociais.

Ademais, desde Igaxes desenvolvemos ao longo do 2021, de xeito específico, os Puntos Formativos Incorpora: accións formativas desenvolvidas desde as entidades incluídas na Rede Incorpora entre a que se atopa Igaxes (e coordina a nivel Galicia), que inclúen o traballo de habilidades persoais, profesionais e o desenvolvemento de prácticas en diversas empresas do sector no que se desenvolva o curso.

### **Acceso a contratos laborais das mozas e mozos do Programa Mentor.**

Ao longo deste 2021 estiveron en vigor entre as persoas de alta no Programa Mentor un total de 276 contratos, en contraste cos 170 contratos do 2020 e que nos pon na segunda maior cifra de contratos xunto cos 292 do ano 2019.

Esta subida ten que ver coa recuperación e reactivación económica tras a primeira vaga de pandemia da COVID-19, sendo recuperados sectores tradicionais do emprego das nosas mozas e mozos tales como hostalería e comercio.

<b>Poboación total atendida</b>	<b>631</b>		
Homes	348		
Mulleres	283		
<b>Insercións durante el año</b>	<b>276</b>		
<b>Nº de persoas insertadas</b>	<b>162</b>		
Homes	83	51,23%	
Mulleres	79	48,77%	
Nº de contratos por persona	1,70		
% de inserción bruto (sobre el total de poboación atendida)	25,7%		
<b>% de inserción sobre a poboación activa</b>	<b>57,04%</b>		
<b>Tipoloxía de contratos</b>	<b>Home</b>	<b>Muller</b>	<b>Total</b>
Bolsas Feuga	1	0	1
Fomento á contratación indefinida	1	0	1
Formación e aprendizaxe	6	3	9
Indefinido	12	9	21
Prácticas	2	2	4
Temporal (eventual ou circunstancias prod.)	78	94	174
Temporal (interinidade)	4	3	7
Temporal (obra o servizo)	26	31	57
Traballadores en situación de exclusión social por empresa de inserción	1	0	1
<b>Sectores destacados por % de inserción</b>			
Construción	3,20%		
Hostaleira	50,72%		
Comercio	4,35%		
Industria alimentaria	7,61%		

Se atendemos aos sectores aos que tiveron acceso, a maioría dos contratos de traballo asináronse na hostalería na provincia de Pontevedra. Os sectores de contratacións están ordenados na gráfica primeira, e nas restantes arrástranse datos relativos á tipoloxía de contrato e provincias.

Provincia	Número de contratos
A Coruña	73
Lugo	40
Ourense	34
Pontevedra	129

Sector ocupación	Ofertas de emprego
Hostalería	142
Fabricación/construcción	25
Gandeiría/agricultura	24
Industria alimentaria	21
Comercio/comercio téxtil	15
Limpeza	11
Servizos sociais	9
Publicidade	4
Actividades lúdicas, deportivas e culturais	3
ETT	3
Informática	3
Madeira	2
Imaxe persoal	2
ONG	2
Marítimo pesqueiro	2
Administración	1
Educación	1
Industria extractiva	1
Mantemento de vehículos	1
Mensaxería	1
Sanidade	1
Azafata vuelo	1
Seguridade e medio ambiente	1

## Datos das vivendas tuteladas e asistidas.

Durante o ano 2021 continuamos vivindo como sociedade unha circunstancia excepcional que impactou de cheo na vida das persoas que residiron nas vivendas. Ao longo do 2021 vivíronse varias “novas vagas” da COVID-19, o que afectou de xeito directo á dinámica dos pisos e ao funcionamento dunha vida normalizada das mozas adolescentes, sobre todo, no relativo ao lecer.

De tódolos xeitos, tentouse levar a cabo unha vida o máis normalizada posible e celebrando o acceso á rutina, ao emprego e ás dinámicas escolares. En relación aos contaxios, seguimos mantendo as indicacións da Consellería de Sanidade, tanto no tratamento como nas pautas de vacinación, previa explicación ás mozas e mozos das vivendas. O nivel de ansiedade e nerviosismo vinculados aos contaxios foi máis baixo xa que, lamentablemente, a situación volveuse ordinaria e habitual.

Os mozos e mozas, durante o ano 2021, retomaron as actividades académicas e laborais, mantendo unha maior precaución nas saídas de lecer, pero tendendo por parte dos equipos educativos a unha prevención e autocoidado máis que a unha prohibición. En relación aos contaxios de COVID-19 cómpre traballar a autonomía das mozas e mozos para (auto)coidarse e coidar aos demais. A actitude dos mozos e mozas foi de gran responsabilidade, devolvendo madurez e aprendizaxe na meirande parte das veces.

As vivendas tuteladas do Programa Mentor ofrecen un total de 48 prazas (oito en A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Pontevedra) e oito nas vivendas asistidas (catro en Vigo e en Ourense). O total, igual que no 2020, é de 56 prazas.

Ao longo do ano 2021 viviron nestes recursos un total de 75 mozos e mozas, aínda que sete contabilízanse en dous recursos (pasaron da tutelada á vivenda asistida). O nivel de ocupación das vivendas foi case do cen por cen, oscilando entre a ocupación de seis prazas de oito dependendo do mes.

A única vivenda con ocupación menor, de cinco, foi a de Lugo, e continúa coa mesma situación na actualidade. Desde as vivendas, promovemos estancias medias – longas para poder adaptarnos á situación individual de cada moza, promover relacións de apego o máis seguras posible, facilitar a vinculación e, desde aí, poder traballar o nivel de autonomía ate o que podan dar as mozas e mozos.

## Programa Mentor

No que se refire ás características da poboación atendida ao longo do ano 2021, podemos aportar as seguintes características:

- Seguimos vendo como continúa o aumento da proporción dos mozos estranxeiros, en concreto na vivenda tutelada de Ourense e por conseguinte, na vivenda asistida de Ourense.
- As idades de alta nas vivendas son semellantes ás do ano 2020. A media de altas nas vivendas tuteladas está nos 17 anos. No caso das vivendas asistidas, o acceso está nos 19 anos.
- A permanencia media das mozas e mozos que causaron baixa no ano 2021 foi de once meses e medio, superando as medias de anos anteriores.
- Os niveis de empregabilidade que acadan as mozas e mozos das vivendas é dun 65% nalgún momento da súa estancia, o que sinala as vivendas como núcleos de preparación para o emprego efectivos. O acompañamento socioeducativo dos equipos e o contexto de seguridade que significan as vivendas son dous indicadores chave tamén neste proceso. Os procesos de busca de emprego son individuais e adaptados ao momento da autonomía e sistémico no que se atopan as mozas e os mozos, o que fai tamén que se acolla este proceso por parte deles dun xeito máis amable e natural.
- De 26 baixas en vivendas producidas no ano 2021, 15 abandonaron a vivenda cun emprego e os obxectivos dos PEIS acadados; e os restantes cunha mellora no nivel de estudos en relación á entrada na vivenda.

Nas vivendas faise unha aposta por proxectos educativos a medio-longo prazo nos que se contempla un traballo integral cos mozos e mozas en múltiples áreas, sendo o Proxecto Educativo Individualizado (PEI) a ferramenta e guía de todo este traballo. No seu desenvolvemento, participan conxuntamente os equipos educativos e os mozos e mozas, tal e como promoven os valores de Igaxes.

Froito deste traballo, a nivel formativo e laboral a evolución das mozas nas vivendas foi o seguinte do 75 total:

- Acceso ao emprego: 47 mozas e mozos accederon a un emprego.
- Cursando ESO: 17 mozas e mozos estiveron cursando a ESO.
- Cursando FPB: 1 mozo estivo cursando.
- Cursando FPM – ou dual: 16 mozas e mozos.
- Cursando FPS: 1 mozos estivo cursando.

## Programa Mentor

- Cursando BAC: 4 mozas e mozos.
- Cursando AFD: 26 mozas e mozos, sendo a formación máis demandada.
- Estudos universitarios: 2 mozas universitarias.
- Cursos Rede Incorpora: 2 mozas e mozos.

## Técnicas e técnicos de inserción laboral.

Para acadar os obxectivos para os que foi proposto o Programa Mentor, os TIL deben de dirixir o seu traballo cara diferentes axentes:

- Cara as propias mozas e mozos do Programa Mentor, desenvolvendo accións tanto de xeito individual como de xeito grupal. O traballo con cada moza e mozo artéllase nun Proxecto de Inserción Laboral (PIL) no que se abordan as accións que, dirixidas cara á inserción laboral dos participantes, vanse desenvolver para acadar os obxectivos persoais, formativos e laborais previamente definidos de xeito conxunto coa moza/o, ETM e centro de menores, familia ou EMA. Estes obxectivos desenvólvense de xeito prioritariamente individual, aínda que sen descartar accións grupais (sesións de formación, Artesas, por exemplo).
- Cara ás empresas: co fin último de facilitar o acceso das mozas e mozos a empregos e oportunidades formativas.
- Cara aos ETM, centros de menores, EMA ou referentes das mozas e mozos, para coordinar a nosa labor.
- Cara á sociedade, e fundamentalmente cara aqueles profesionais cos que podan colaborar no acceso dos nosos participantes a diferentes posibilidades formativas e laborais.

Os TIL desenvolven coas mozas e cos mozos un traballo fundamentalmente individual empregando para isto as oficinas de atención do Programa Mentor situadas en Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo; nos centros de menores ou en colaboración con concellos ou entidades que nos permiten dispoñer dalgunha instalación para manter reunións de xeito puntual. Estas accións son as que teñen máis peso na intervención xeral coas destinatarias/os.

Tamén se foron realizando sesións e talleres grupais a partir do segundo semestre do 2021. Son formacións sobre diferentes temáticas que perseguen tres obxectivos:

- Que as mozas e mozos adquiran coñecementos en diferentes ámbitos relacionados co emprego e coa formación.

- Que as mozas e mozos aproveiten coñecementos e relacións con outras persoas que están nunha situación semellante á deles.
- Optimizar o tempo preciso para que as mozas e mozos adquiran coñecementos que, empregando só metodoloxías individuais, serían imposibles de abordar pola necesidade de tempo.

As formacións realízanse, ao igual que as titorías, nas instalacións propias de Igaxes, instalacións de centros de menores ou instalacións de entidades públicas e sempre buscando a proximidade cos mozos e mozas dadas de alta no Programa Mentor, achegando as accións (contidos e metodoloxías) desenvoltas aos participantes. Desenvolvéronse no 2021 as seguintes xornadas formativas presenciais:



Formación no ano 2021	Mozos	Mozas	Total
A candidatura na procura de emprego.	2	4	6
Elaboración e actualización do CV.	2	2	4
A procura de emprego en webs: como establecer relacións con empresas.	3	2	5
A entrevista de traballo I: comunicación.	6	3	9
A entrevista de traballo.	4	1	5
Recursos en rede para realizar o curriculum.	4	2	6
Estratexias para a procura de emprego.	3	2	5
A entrevista de traballo: preparación e estratexias I.	3	3	6
A entrevista de traballo: preparación e estratexias II.	2	3	5
Desigualdade de xénero no mercado laboral: indicadores.	4	2	6
Xestión económica para a vida independente.	4	2	6
Acceso aos recursos comunitarios de Ourense relacionados co emprego.	2	2	4
Bonificación da tarxeta de demandante de emprego.	5	2	7
Xestión da aplicación MOBEM.	3	2	5
Chave 365: acceso online aos trámites administrativos.	3	2	5
A ETT na procura de emprego I.	4	2	6
Ferramentas web para a procura do emprego.	2	1	3

En relación ás empresas:

- En contraste co 2020, o mercado laboral viviu unha mellora no 2021 nas áreas que tradicionalmente contratan a moitas mozas e mozos do programa, que é a hostalería.
- TILS definiron a comezos do 2021 na diagnose empresarial, sectores de prospección que abordar diante da crise económica que estaba a formarse, continuando tamén como interesantes sectores como o agrario, a construción, a axuda a domicilio, a agroindustria, a industria de transformación e novas tecnoloxías, entre outros.
- No ano 2020 redefiniron os xeitos de contacto coas empresas, dando pasos máis seguros que non comprometían o contacto presencial. Actualmente combinan ambos formatos, priorizando sempre o contacto presencial se a empresa o permite.
- Facer unha difusión do Programa Mentor e das características dos participantes do Programa Mentor buscando conseguir incorporacións a procesos de selección por parte de mozas e mozos entre o tecido empresarial, dando prioridade a sectores onde prevemos que poida haber contratacións.
- Ademais, continuamos a desenvolver un traballo de seguimento das e dos mozos que accederon a unha empresa, tanto para facer prácticas como para incorporarse a un emprego, guiando e acompañando ao participante do Programa e ao empresario no crecemento deste dentro da organización empresarial. Mediamos ante as dificultades que se poidan presentar xa desde o momento da incorporación ao posto de traballo ate que se asenta a persoa.
- O número de contactos con empresas por parte dos TIL no ano 2021 foron 251, correspondendo un por empresa, cun total tamén de 251 empresas contactadas.
- Os contactos mantidos son para levar a cabo a presentación do Programa Mentor; seguimento de inserción laboral de mozas e mozos nesas empresas; presentación de liñas de traballo concretas buscando a colaboración da empresa; e/ou a solicitude e realización de visitas Artesa.

Froito deste traballo de contactos con empresas buscando o acceso de participantes no Programa Mentor a empregos e visitas dentro do Programa Artesa, podemos facer referencia a que un tanto por cento dos contratos de traballo aos que accederon os e as mozas no Programa Mentor, teñen a súa xénese en contactos mantidos con empresa e asociacións empresariais por parte dos TILS. Ademais deste dato, por parte dos TIL tense informado dun total

## Programa Mentor

de 108 ofertas de emprego. Nestas ofertas produciuse finalmente algunha contratación con persoas do Programa Mentor, o feito de que Igaxes se atope integrada e coordine o Programa Incorpora en Galicia facilita tamén o acceso das nosas mozas e mozos a ofertas que veñen desa rede.

Outra liña de traballo é a de buscar e fomentar o voluntariado corporativo por parte do empresariado, desenvolvéndose principalmente traballo ao arredor do **Programa Artesa**. Este programa é unha acción de voluntariado corporativo que consiste en buscar a colaboración da empresa con tres obxectivos:

- Superar a imaxe de que as empresas só serven para a contratación laboral, pasando a velas como socias no proceso de preparación para o emprego dos mozos e mozas. Estas teñen un enorme descoñecemento do que significa o concepto empresa, relación laboral ou perfil profesional. Desde Igaxes pensamos que o achegamento da mocidade pode axudarlles a definir un obxectivo profesional axeitado aos seus intereses e ás súas capacidades, recibindo información fiable e contrastada de profesionais de sectores de referencia para todos, información que complementan os TILS e os equipos educativos das vivendas.
- En segundo lugar, romper coa imaxe que se proxecta periodicamente a —da xuventude en xeral e dos mozos e mozas baixo a protección da administración en concreto— como persoas conflictivas e problemáticas. Para isto valoramos que o máis idóneo é a relación entre as mozas e mozos e o empresario, pois este coñece, fala, interactúa e comprende as motivacións delas, rompendo os prexuizos que normalmente acompañan aos mozos e mozas coas que traballamos.
- Buscamos que o empresariado coñeza ás mozas e mozos como o que realmente son: persoas novas que queren mellorar a súa situación persoal.
- Buscamos que as empresas teñan o sentimento de ser importantes no proceso de inserción laboral dos mozos e mozas aínda que non poidan contratar a ningunha persoa nese momento, para o que poñen á nosa disposición o seu coñecemento do sector laboral no que desenvolven as súas actividades, explicándolles aos mozos e mozas de primeira man o que se espera que fagan nunha empresa.

Empresa	Mozos	Mozas	Total
Residencia Artés	1	1	2
Empresa Nortempo	5	10	15
Fundación Impulsarse	4	4	8
Café Candelas	6	4	10
Asociación jóvenes empresarios de Lugo	7	7	14
Casa Reboiro	7	3	10
Bar Garden	7	3	10
Fundación laboral construcción en Lugo	10	3	13

### Colaboración coa Asociación Nous CIMS

Froito do traballo en rede de Igaxes, podemos seguir concorrendo á convocatoria de axudas/bolsas que desenvolve a fundación Nous CIMS. Desde esta entidade promóvese unha convocatoria de becas coas seguintes características:

- Valoran o esforzo, motivación e compromiso da moza ou mozo máis que os rendementos académicos.
- Cobren os gastos de matrícula, transporte, equipamento e formación complementaria.
- Poden optar mozas e mozos que cursen ciclos medios, superiores ou universitarios.
- Debe de existir un compromiso das mozas e mozos facendo un retorno social.
- Desde Nous CIMS piden facer un seguemento da evolución das mozas e mozos por parte da entidade que solicita as becas, non poñendo límites á formación á que podan acceder.

Ao longo do 2021 beneficiáronse da convocatoria normal desta entidade un total de 2 persoas que están a estudar CM, CS ou estudos universitarios.

### Programa Mentor

## Axudas á emancipación


Desde o Programa Mentor estanse a xestionar axudas encamiñadas a reforzar o proceso de independencia das mozas e mozos participantes, adxudicadas a través do Protocolo de concesión de aportacións para a independencia. Os conceptos básicos nos que se basean estas axudas son a autonomía e a empregabilidade de tal xeito que se busca reforzar todos os avances das mozas e mozos no seu proceso de mellora da empregabilidade e da independencia. Todas as axudas se conceden baseadas no protocolo anteriormente referido, aprobado pola DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Ditas axudas están estruturadas nos seguintes grupos:

- **Acceso á formación:** todas as tipoloxías de axudas que faciliten o proceso de inicio ou continuación de estudos, divídense nos seguintes subtipos:
  - FORMACIÓN REGRADA: inicio ou continuación de estudos como ESO, Ciclos Medios, Superiores, Bacharelato e FPB ou equivalentes
    - Axuda para o pago de libros de texto
    - Axuda para o pago de clases de apoio
  - FORMACIÓN OCUPACIONAL: acceso a procesos formativos en entidades privadas en casos de non acceso a outra formación.
    - Axuda para o pago de matrícula
    - Axuda para o pago de cotas mensuais
  - CONVENIOS FORMATIVOS: Apoio para o desenvolvemento de convenios de formación prelaboral con empresas privadas
    - Axuda para o pago do seguro de Accidentes e responsabilidade civil
  - ELIMINACIÓN DE BARREIRAS FORMACIÓN: apoio ao proceso de formación para eliminar posibles obstáculos de acceso a formación
    - Axudas ao transporte
    - Axudas á manutención
    - Axudas de equipamento: uniformes e ferramentas.
- **Acceso á vivenda:** axudas para a residencia en vivendas do programa Mentor e por outra banda para o proceso de emancipación en vivenda propia.
  - ACCESO AOS RAIS: apoio ao proceso de emancipación residindo en vivenda tutelada ou asistida.

- ALUGUER: apoio no proceso de emancipación en vivenda propia
  - Axuda para o pago da fianza e do aluguer de mozos e mozas que se emancipan dos RAIS de pisos, cuartos compartidos ou pensións.
  - Axuda para o pago da dotación inicial de vivenda
- **Acceso ao emprego:** axudas destinadas a apoiar o proceso de inserción laboral.
  - AXUDA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL: Axudas para apoio aos procesos documentais para a emancipación (documentación e taxas de estranxeiría, transporte e manutención para os viaxes aos consulados correspondentes,...)
  - ELIMINACIÓN DE BARREIRAS PARA O EMPREGO: apoio ao proceso de formación para eliminar posibles obstáculos de acceso ao emprego.
    - Axudas ao transporte
    - Axudas á manutención
    - Axudas de equipamento: uniformes e ferramentas.
    - Axudas para o carnet de conducir
- **Axudas extraordinarias:** outras axudas non contempladas nos apartados anteriores.
  - AXUDAS DE DESISTITUCIONALIZACIÓN: teñen como obxectivo apoiar aos/as participantes no Programa Mentor que precisen un apoio específico para continuación de estudos, tanto en ciclos superiores coma universitarios, sempre e cando cumpran os requisitos específicos a tal fin.
  - AXUDAS PARA GASTOS SANITARIOS: axudas para gastos oftalmolóxicos, odontolóxicos e psicolóxicos sempre e cando non puideran optar ás axudas da administración pública.
  - AXUDAS DE EMERXENCIA: Outras situacións de urxencia non tipificadas anteriormente.

Ao longo do ano 2021 concedéronse un total de 110 axudas que se distribúen do seguinte xeito segundo a súa tipoloxía<sup>4</sup>

Distribución das axudas segundo a súa tipoloxía  
Gráfico 4



Como podemos observar, un 41,82% das axudas son para acceso á formación, un 32,72% dirixidas ao acceso á vivenda, na procura de procesos de emancipación destes mozos e mozas, e por último acceso a emprego e axudas extraordinarias teñen cada unha delas un 12,73%.

<sup>4</sup> Ver gráfica 4

## 5. Accións e programas de apoio

Todas as accións anteriormente enunciadas en moitos casos desenvólvense durante anos, establecéndose cos mozos e mozas unha proximidade que da lugar a que despois da baixa no Programa Mentor emitida desde os Servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica se siga mantendo contacto con diferentes mozas e mozos. Desde este programa, desenvólvense accións que intentan mellorar a capacitación que se lle dá aos mozos e mozas de cara ao futuro, ou ben apoialas no seu proceso de independencia. O primeiro, é a realización de seguimentos aos 6, 12, 18 e 24 meses da data da baixa.

### Programa Punto de Encontro

Ao longo do proceso de traballo desenvolto coas mozas e mozos do Programa Mentor tanto nas vivendas como por parte dos TIL, da lugar a que se estableza con moitas mozas e mozos unha relación de proximidade. Isto da lugar a que no momento de causar baixa no Programa Mentor sigan a acudir, en moitas ocasións, a resolver diferentes situacións que se lle presentan desde ese momento, en casos de ámbito laboral ou en casos máis amplos.

O Programa Punto de Encontro naceu no ano 2007 para canalizar esas demandas por parte de persoas que xa causaron baixa no Programa Mentor, desenvolvendo accións de apoio na busca de emprego.

Ate o 31 de decembro do 2021 temos traballado con 39 persoas no Punto de Encontro, 17 varóns e 22 mulleres, focalizado na provincia de A Coruña.

### Programa Referentes

O programa Referentes xorde no ano 2012 co obxectivo de atopar persoas en Galicia que queiran acompañar voluntariamente a mozas e mozos sen apoio familiar no seu camiño cara a emancipación.

Referentes agroma da necesidade de dar o apoio que precisan as mozas tuteladas ou extuteladas/os para afrontar o seu camiño cara á vida independente.

Este proceso tan complexo require de apoio educativo por parte dos nosos profesionais pero, ademais, é imprescindible un apoio emocional externo ao Sistema de Protección de Menores. Por esta razón, buscamos a participación de persoas maiores de 25 anos e alleas ao eido do social, que estean dispostas a asumir o rol de referente do mozo ou moza para confiar, escoitar, aconsellar, divertirse, aprender, consolarse ou coñecer unha realidade diferente da propia. Alguén que lle axude a ampliar a súa rede social e camiñar con máis seguridade.

### Programa Mentor



Baixo a supervisión do persoal educativo de Igaxes e, previa fase de selección e formación de participantes, ponse en contacto á persoa referente coa súa moza ou mozo referido para que constrúan unha relación persoal mediante encontros presenciais durante o tempo de lecer. Unha vez esta relación dea comezo, o equipo do programa mantén un seguimento da súa evolución, ofrecendo asesoramento e formación continua ás persoas participantes durante un mínimo de seis meses e ate que a relación flúa de xeito autónomo. En data 31 de decembro do 2021 iniciáronse 5 relacións de Referentes, sumando a día de hoxe un total de 27 relacións en marcha.

## Programa Incorpora-La Caixa

Tal e como xa se ten comentado, Igaxes participa na Rede Incorpora da Fundación La Caixa, coordinando as accións que desde esta rede se desenvolven en Galicia. Esta actividade significa que as mozas e os mozos de alta no Programa Mentor poden acceder a:

- Unha bolsa de emprego da rede Incorpora, podendo acceder a ofertas de emprego dirixidas especificamente a colectivos en risco de exclusión social. Durante o ano 2021 accedeuse por esta vía a un total de 918 ofertas en todo Galicia.
- Acceso a recursos formativos desenvoltos en Galicia, os denominados Puntos Formativos Incorpora. Son nove accións formativas as que se desenvolveron ao longo do 2021 en diferentes localidades (Lugo, Ourense, Vigo, Santiago e A Coruña).

A estas actividades formativas acceden persoas derivadas polas entidades que participan en Galicia na rede Incorpora (Igaxes, APES, COGAMI, Cruz Vermella de Lugo e de Ourense, FEAFES Galicia, Fundación Érguete – Integración e Fundación Juan Soñador), realizándose unha selección entre todas as persoas interesadas, independentemente da entidade de procedencia dos participantes. Podemos destacar que estes cursos inclúen a realización de prácticas en empresas do sector, co que constitúen unha oportunidade única de adquirir habilidades persoais e profesionais para o desempeño dun emprego. Estas accións formativas desenvólvenas as entidades que participan na rede, tendo participado un total de 34 persoas derivadas polo Programa Mentor dentro destas actividades.

## Programa Mentor

## A Tribo – Agareso

A Tribo é unha intervención integral que durante 12 meses traballa para fortalecer as capacidades dos mozos e mozas en risco de exclusión, tanto desde o ámbito educativo como psicosocial, e para loitar contra os estereotipos que parte da sociedade ten aínda por certos, como que a mocidade tutelada está nun centro de protección por facer algo malo ou que o alumnado con dificultades nos estudos non ten vontade de aprender. Estereotipos que, cando afectan a persoas que xa parten dunha situación vulnerable, poden chegar a converterse nun estigma moi doloroso. A Tribo quere reverter ese estigma e mostrar as enormes capacidades destas mozas e mozos, o seu talento, a súa creatividade e a súa capacidade de esforzo e de análise da realidade.

A segunda fase d'A Tribo (a primeira foi no 2020) contou coa participación de 22 rapaces e rapazas (sete do Programa Mentor) e co apoio de Fundación “La Caixa”. Foron os propios rapaces e rapazas os que decidiron que querían contar e como contalo, nun obradoiro de comunicación participativa que se espallou dende xaneiro a xullo de 2021 -en plena pandemia-. Decidiron tratar temas como os conflitos familiares e o abandono infantil, a vida nunha vivenda de acollida, o racismo que sofren as persoas migrantes e o estigma que acompaña as menores tuteladas ou especialmente vulnerables.

Guionizaron, protagonizaron e gravaron integramente as súas historias, co obxectivo de demostrar e demostrarse que a súa ollada sobre o mundo importa, que os conflitos que atravesan as súas vidas importan. O resultado son catro curtametraxes, tres pílulas sonoras, varios ensaios fotográficos e unha campaña de comunicación.

Ademais de na campaña, na fase de sensibilización participaron catro das mozas e mozos do Programa Mentor, que presentaron as súas curtas na sala de cine que acolleu a estrea, dous institutos de educación secundaria de Compostela e Ames e dúas facultades da Universidade de Vigo (Ciencias Sociais e Comunicación, campus de Pontevedra; e Educación e Traballo Social, campus de Ourense). O proxecto buscou, por un lado, continuar estimulando o empoderamento das mozas e mozos como portavoces dos seus propios traballos e, polo outro, promover a sensibilización social en relación coa equidade educativa e igualdade de oportunidades no alumnado en idades similares e entre futuros profesionais da intervención social e dos medios de comunicación.

## Programa Mentor

## Campaña “Non nos xulgues”

Non nos xulgues é unha campaña de Igaxes co apoio do Fondo Social Europeo e a Consellería de Política Social. Esta campaña ten un obxectivo: cambiar a mirada. Quixemos lograr un alto impacto social para que o conxunto da sociedade galega tomase conciencia da realidade das persoas tuteladas. Foron tres desas persoas quen protagonizaron a campaña, quen difundiron esta mensaxe coa súa propia voz: *queremos acabar co estigma, queremos deixar de ser xulgadas.*

Trátase dunha campaña de sensibilización social, exclusivamente informativa, de carácter interactivo a través de dispositivos móbiles, e deseñada para que calquera persoa poida sumarse compartíndoa cos seus contactos ou a través das súas redes. En Galicia son máis de 2.000 os nenos, nenas e persoas mozas que padecen este estigma cada día. Careceron de apoio familiar ou sufriron situacións de desamparo na súa infancia.

Esta é unha carga -ás veces moi pesada- da que non foron responsables e que tratan de deixar atrás. Por iso é dobremente inxusto que outras persoas as miren de xeito diferente

A campaña estivo centralizada nun sitio web específico ([www.nonnosxulgues.gal](http://www.nonnosxulgues.gal)) ao cal se podía acceder dende todos os elementos de difusión online e offline. Esta foi una web interactiva na que, da man de Monse, Francesca e Diógenes (tres persoas tuteladas), cada usuaria puido facer unha visita virtual ao piso tutelado no que vivían, mentres puideron coñecer en primeira persoa como é o seu día a día, como se preparan para o futuro, por que deben saltar ao mundo cando acadan os 18 anos, etc. Desde o día do lanzamento púxose en marcha unha campaña de difusión en redes sociais e plataformas dixitais destinada á viralización da campaña mediante distintos elementos multimedia nos que tamén participaron outros mozos e mozas que viven en centros tutelados e estiveron a prepararse para dar o seu salto á vida independente.

Ademais, a campaña tivo tamén un importante compoñente de sensibilización en formato físico. O cartel de campaña exhibiuse en soportes publicitarios no espazo público: mupis, expositores urbanos, edificios civís, pantallas e displays dixitais en varias localizacións públicas e grandes áreas comerciais en 50 localidades galegas. Estimouse un alcance total estimado de 500k persoas, entre soportes físicos e redes sociais.

## Programa Mentor

As entidades colaboradoras foron: Adif, Gadis, Universidade de A Coruña, Universidade de Vigo, Real Club Deportivo A Coruña, Concello A Coruña, Concello A Estrada, Concello Ames, Concello Baiona, Concello Bueu, Concello Cambados, Concello Cangas do Morrazo, Concello Carballo, Concello Cerceda, Concello Chantada, Concello Culleredo, Concello Ferrol, Concello Gondomar, Concello Lalín, Concello Lugo, Concello Marín, Concello Moaña, Concello Monforte, Concello O Barco de Valdeorras, Concello O Carballiño, Concello O Grove, Concello Oleiros, Concello Ordes, Concello Oroso, Concello Ourense, Concello Poio, Concello Ponteareas, Concello Pontevedra, Concello Redondela, Concello Ribeira, Concello Santiago de Compostela, Concello Sanxenxo, Concello Silleda, Concello Sober, Concello Teo, Concello Tomiño, Concello Tui, Concello Val do Dubra, Concello Vilaboa, Concello Viveiro, Mancomunidade Comarca Ordes, O Salto Galiza, Marinada City, Centro Comercial Los Rosales, Centro Comercial Cuatro Caminos, Centro Comercial Odeón, Centro Comercial As Cancelas, Centro Comercial Ponte Vella, Centro Comercial A Barca, Centro Comercial Pontiñas, Centro Comercial A Laxe, Asociación Comerciantes e Empresarios do Calvario.

## 6. Recursos humanos do Programa Mentor

O Programa Mentor conta cun equipo de profesionais con formación e experiencia específica na orientación e formación para a busca de emprego, que veñen proporcionando aos mozos e mozas a formación e o acompañamento preciso para facilitar a súa integración sociolaboral. Tamén se debe destacar que en todo o proceso de integración laboral dos mozos e mozas é fundamental o traballo conxunto con outros profesionais como son os equipos educativos dos centros (tanto centros propios como colaboradores) e os ETM. Grazas a todos estes profesionais e os voluntarios que colaboran co programa, permítese levar a cabo un traballo como o que desenvolvemos.

Os perfís profesionais que conformamos Igaxes no Programa Mentor, son os seguintes:

- Responsable da área financeira – económica.
- Xefa de administración.
- Responsable de RRHH e calidade.
- Responsable de comunicación.
- Coordinación do Programa Mentor.
- Coordinación das vivendas.
- Técnicas/os de inserción laboral.
- Educadoras das vivendas tuteladas e asistidas.
- Controladoras/es TAI das vivendas tuteladas.

A formación do ano 2021 foi o seguinte que se detalla a continuación:

Nome da formación	Formato	Período	Persoal formador
Mentalidade filiativa	Online	Xaneiro	Daniel Rijó
Procedementos e protocolos das vivendas	Semipresencial	Febreiro e marzo	Pilar Ramallal
Mentalidade afiliativa (aplicación)	Presencial	Outubro – decembro semanalmente	Equipo Escola da Vida
DGONG	Presencial	Outubro 2020 – maio 2021	ESADE
Programa Aleph - ACAC	Online	Abril – xuño	CEC
Programa de competencias familiares. A entrevista motivacional	Presencial	Setembro	Universidade das Illas Baleares
Liderado emocional	Semipresencial	Outubro, novembro e decembro	Carlos Cortés e Ana Shank

## 7. Conclusións e vías de mellora

Os retos que temos establecidos como melloras para o Programa Mentor durante o ano 2022 son os seguintes:

- Continuar aplicando as melloras/conclusións da análise do Programa Mentor realizado polo Grupo GIFÍ da Universidade de Oviedo.
- Reforzar a nosa presenza nas empresas de todo Galicia, afianzando as diagnoses empresariais realizadas en xaneiro do comezo de cada ano e adecuándonos á demanda do sector empresarial.
- Reforzar as vivendas como un espazo seguro onde as mozas e os mozos podan atopar o seu fogar e crear unha base segura desde a cal saltar para unha emancipación nas mellores condicións posibles.
- Continuar en contacto coas Delegacións de Menores para traballar conxuntamente en prol das necesidades das mozas e dos mozos e tendo en conta os criterios de acceso ao Programa Mentor para manter unha ratio equilibrada de traballo e de atención de calidade ás mozas e mozos.
- Retomar e aumentar o número de Artesas e de formacións por parte das técnicas de inserción ao verse mellorada a situación sanitaria do COVID – 19.
- Incrementar as ratios de inserción en toda Galicia.
- Establecer lazos de unión con novas entidades formativas que nos permitan crear novos AFD ou procesos formativos encamiñados á inserción das nosas mozas e mozos.
- Educar na aprendizaxe ao longo da vida, como unha das claves de identidade do programa.
- Continuar traballando para a empregabilidade e non tanto como busca illada de emprego.
- Desenvolver accións e contactos que faciliten a incorporación social e laboral da poboación estranxeira non acompañada, dando soporte especialmente ao tema documental, laboral, social e lingüístico.
- Continuar coa mellora de rexistro e control de documentos por medio do emprego do Programa MN de xestión documental.
- Continuar coas auditorías internas de supervisión documental así como de supervisión de infraestruturas dos equipamentos.
- Continuar coa formación dos equipos educativos das vivendas en mentalidade compasiva.

- E seguir defendendo a idea e a misión de que traballamos en prol de que ningún mozo e ningunha moza sexa discriminada ou quede sen oportunidades por razón de ter nacido nun contexto desigual.



## Anexo: balance e contas anuais.

En cumprimento da lexislación vixente art. 8 C do RD Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. adxuntamos o último Balance e contas anuais da entidade aprobada a data actual correspondente ao ano 2020 estando o mesmo auditado. Ditas contas están publicadas na súa totalidade na web da entidades no apartado de transparencia.

[www.igaxes.org](http://www.igaxes.org)

<p><b>NIF: G 15784978</b></p> <p><b>DENOMINACIÓN SOCIAL:</b> <b>INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR</b></p>			
<b>ACTIVO</b>	<b>NOTAS DE LA MEMORIA</b>	<b>EJERCICIO 2020</b>	<b>EJERCICIO 2019</b>
<b>A) ACTIVO NO CORRIENTE</b>		<b>684.580,49</b>	<b>372.753,25</b>
I. Inmovilizado intangible	5	2.574,87	3.652,53
III. Inmovilizado material	5	374.636,17	47.163,27
V. Inversiones en entidades del grupo y asociadas a largo plazo	6	41.231,91	41.231,91
VI. Inversiones financieras a largo plazo	6	266.137,54	280.705,54
<b>B) ACTIVO CORRIENTE</b>		<b>716.030,80</b>	<b>758.576,21</b>
III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia	6	-	-
IV. Deudores de la actividad propia y otras cuentas a cobrar	6, 9	376.967,24	296.933,47
VI. Inversiones financieras a corto plazo	6	5.539,29	-
VII. Periodificaciones a corto plazo			
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	6	333.524,27	461.642,74
<b>TOTAL DE ACTIVO (A+B)</b>		<b>1.400.611,29</b>	<b>1.131.329,46</b>

NIF: G 15784978			
DENOMINACIÓN SOCIAL: INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR			
PATRIMONIO NETO Y PASIVO	NOTAS DE LA MEMORIA	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2019
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>1.004.200,33</b>	<b>951.140,92</b>
<b>A-1) Fondos propios</b>	<b>8</b>	<b>1.004.200,33</b>	<b>951.140,92</b>
I. Dotación fundacional		81.715,91	81.715,91
III. Excedentes de ejercicios anteriores		869.425,01	958.048,38
IV. Excedente del ejercicio	<b>3</b>	53.059,41	(88.623,37)
<b>A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos</b>	<b>11</b>	-	-
<b>B) PASIVO NO CORRIENTE</b>		<b>153.757,94</b>	-
II. Deudas a largo plazo		153.757,94	-
1. Deudas con entidades de crédito		153.757,94	-
<b>C) PASIVO CORRIENTE</b>		<b>242.653,02</b>	<b>180.188,54</b>
III. Deudas a corto plazo	<b>7, 11</b>	<b>137.025,37</b>	<b>71.032,84</b>
1. Deudas con entidades de crédito		24.223,44	-
3. Otras deudas a corto plazo		112.801,93	71.032,84
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar	<b>7, 9</b>	<b>105.627,65</b>	<b>109.155,70</b>
2. Otros acreedores		105.627,65	109.155,70
<b>TOTAL PASIVO (A+B+C)</b>		<b>1.400.611,29</b>	<b>1.131.329,46</b>

NIF: G 15784978			
DENOMINACIÓN SOCIAL: INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR			
CUENTA DE RESULTADOS	NOTAS DE LA MEMORIA	EJERCICIO 2020	EJERCICIO 2019
1. Ingresos de la actividad propia	10	2.083.229,25	2.115.576,76
Ingresos de promociones, patrocinadores y colaboraciones	11	17.776,00	9.068,00
Subvenciones, donaciones y legados imputados al excedente del ejercicio	11	2.065.453,25	2.106.508,76
3. Gastos por ayudas y otros	10	(74.519,69)	(100.679,23)
Ayudas monetarias		(74.519,69)	(100.679,23)
7. Otros ingresos de la actividad	10	-	1.597,79
8. Gastos de personal	10	(1.451.834,17)	(1.510.553,11)
9. Otros gastos de la actividad	10	(513.049,34)	(577.126,80)
10. Amortización del inmovilizado	5	(17.934,38)	(15.119,10)
13. Deterioro y resultado por enajenaciones del inmovilizado	5	(3.034,83)	(337,17)
Otros resultados	10	340,94	0,00
A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD		23.197,78	(86.640,86)
14. Ingresos financieros		32.739,49	539,36
15. Gastos financieros		(2.877,86)	(2.521,87)
A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS		29.861,63	(1.982,51)
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS		53.059,41	(88.623,37)
B) Ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto			
1. Subvenciones recibidas		208.077,63	177.312,26
2. Donaciones y legados recibidos		-	5.899,49
B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos y gastos reconocidos directamente en el patrimonio neto		208.077,63	183.211,75
C) Reclasificaciones al excedente del ejercicio			
1. Subvenciones recibidas		(208.077,63)	(177.312,26)
2. Donaciones y legados recibidos		-	(5.899,49)
C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificaciones al excedente del ejercicio		(208.077,63)	(183.211,75)
J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO		53.059,41	(88.623,37)

#### NÚMERO DE SOCIOS

Número de personas físicas asociadas      Número de personas jurídicas asociadas      Número total de socios<sup>1</sup>

135	0	135
-----	---	-----

#### Origen

	Importe	Aplicación
Ministerio De Sanidade, Consumo E Benestar	5.500,00 €	INNOLAB JOVENES E INCLUSIÓN
Deputación de A Coruña	15.030,54€	PROGRAMA PUNTO DE ENCUENTRO PARA LA INSERCIÓN SOCIOLABORAL
Consellería de Política Social - Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado	945,01 €	CAMPAÑA DE CAPTACIÓN DE VOLUNTARIOS/AS
Erasmus +	17.184,00 €	PARENT'US
Consellería de Economía, Emprego e Industria – Secretaria Xeral de Emprego	172,97 €	PROGRAMA ESCOLA DE VIDA: ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUALIZADA A MOZOS E

		MOZAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
Consellería de Economía, Emprego e Industria – Secretaría Xeral de Emprego	21.438,16 €	PROGRAMA ESCOLA DE VIDA PARA A PROMOCIÓN DO ÉXITO ESCOLAR
Consellería de Política Social - Dirección Xeral de Inclusión Social	36.863,48 €	PROGRAMA DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA PERSONAS SIN HOGAR – DOS CONVOCATORIAS 2018 Y 2020
IGAPE	7.200,00 €	PROXECTO DIXITALIZACION COVID
Consellería de Sanidade	14.051,88 €	PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO CONSUMO DIRIXIDO A MOXIDADE VULNERABLE
Consellería de Vicepresidencia – Secretaría Xeral de Igualdade	15.381,60 €	EDUCACION AFECTIVO SEXUAL NA ERA DA NOVA PORNOGRAFÍA
Consellería de Política Social	13.908,28 €	PROGRAMA DE APOIO FAMILIAR TERAPEUTICO
Consellería de Política Social	15.080,62 €	PROGRAMA DE COMPETENCIA FAMILIAR
Consellería de Sanidade – Covid	9.052,00 €	NA TUA MENTE

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente documento en Santiago de Compostela a 3 de abril do 2022 tras modificación solicitada por Servizo de Inspección.

Asdo. Pilar Ramallal Fernández  
Coordinadora Programa Mentor  
Igaxes

---